



CONGRESO DE LOS DIPUTADOS  
SECRETARÍA GENERAL  
REGISTRO GENERAL

17 DIC. 2024 10:02:15

Entrada **51917**

# SOBRE AS OBRAS NO CUARTEL DE DOLORES EN FERROL

Competencia	Competencias de la Cámara
Subcompetencia	Control e información
Tipo Expediente	184-Pregunta al Gobierno con respuesta escrita.

Fdo.: Néstor REGO CANDAMIL

Diputado



## Á MESA DO CONGRESO

O deputado do **BLOQUE NACIONALISTA GALEGO (BNG)**, Néstor Rego Candamil, adscrito ao GRUPO PARLAMENTAR MIXTO, ao abeiro do establecido no artigo 185 e seguintes do Regulamento do Congreso, formula as seguintes **preguntas dirixidas ao Goberno para a súa resposta escrita relativas ás obras previstas no Cuartel de Dolores da cidade de Ferrol por parte do Ministerio de Defensa.**

O Ministerio de Defensa é propietario na cidade de Ferrol do Cuartel de Dolores, no que ten a súa sede o Tercio Norte de Infantería de Mariña.

Este cuartel é un edificio declarado Ben de Interese Cultural e constitúe unha das obras máis singulares da arquitectura militar do s. XVIII. Así mesmo na parte posterior deste edificio atópase a porta de Fontelonga, a única das portas conservadas que se abrían nas murallas que protexían a cidade de Ferrol no século XVIII e que conducía ao peirao hoxe desaparecido.

Este acuartelamento, ou máis ben as súas instalacións, son lindeiras cunha parcela municipal, que figura no inventario municipal do Concello de Ferrol como un ben de dominio público, de uso público e que está cualificada como zona verde.

Esta parcela, de referencia catastral 2743007NJ6124S0001TX, encóntrase parcialmente ocupada polas instalacións do Cuartel de Dolores, mesmo foi pechada ao público polo peche perimetral do propio acuartelamento, que foi renovado hai un par de anos, sen corrixir esta ocupación e polo tanto mantendo a división e collendo parte da propiedade municipal como se fose do Ministerio de Defensa.

CONGRESO DE LOS DIPUTADOS  
SECRETARÍA GENERAL  
REGISTRO GENERAL

17 DIC. 2024 10:02:15

Entrada **51917**



O Concello de Ferrol ten iniciado un expediente de recuperación destes terreos que chocou sempre coa negativa do Ministerio de Defensa de devolverllos á institución municipal e que abocou ao Concello de Ferrol a ter que iniciar unha reclamación xudicial para a súa recuperación.

Por se isto non fose suficiente, o Ministerio de Defensa, iniciou os trámites para edificar un Módulo para Talleres no Tercio Norte de Ferrol, nunha parcela cualificada no plan urbanístico da cidade como zona verde e sen, ao parecer, seguir os trámites legais preceptivos para desenvolver unha obra destas características na cidade de Ferrol e sen saber que afeccións van ter sobre unhas edificacións declaradas como Ben de Interese Cultural polo que é preciso contar cos permisos oportunos e manter as cautelas que esixe a normativa de conservación cultural cando menos.

En calquera caso, a normativa de aplicación esixe dous requisitos para que as actuacións de obra nova, reparación, conservación e demolición non requiran a concesión previa de licenza municipal ou actividade de control preventivo municipal:

- a) Que as obras se realicen en zonas declaradas de interese para a Defensa do Estado ou nas instalacións militares sinaladas no artigo 8 do RD 689/1978 e,
- b) Que o Ministerio de Defensa declare expresamente que as obras de construción afectan directamente á defensa do Estado e que están tipificadas como de interese xeral.

**Polos motivos expostos, o BNG formula as seguintes preguntas escritas dirixidas ao Goberno:**

1. Comunicou o Ministerio de Defensa ao concello de Ferrol o proxecto construtivo para a execución dun taller de automóbiles para que emita informe técnico municipal ao respecto das posíbeis incidencias e afeccións das obras asociadas ao proxecto tendo en conta a obrigatoriedade de esgotar os mecanismos de cooperación entre



Administracións Públicas previamente á declaración de interese xeral que exima da obtención de licenza municipal ao Ministerio de Defensa, tal e como se recolle na Disposición adicional novena da Lei 53/ 2002 de 30 de decembro de Medidas Fiscais, Administrativas e da Orde Social?

2. Ten remitido o Ministerio de Defensa ao concello de Ferrol o proxecto para a execución dun taller de automóbiles co obxecto de que este notificase a conformidade ou desconformidade do mesmo coa ordenación urbanística en vigor, tal e como recolle a Disposición adicional décima do Texto Refundido da Lei de Solo e Rehabilitación Urbana, aprobado polo Real Decreto Lexislativo 7/2015, de 30 de outubro de aplicación en actos declarados de excepcional interese público por parte da Administración Xeral do Estado?
3. Foron as obras previstas cualificadas de interese xeral como requisito indispensábel para non estar sometidas á obtención de licenza municipal, tal e como se recolle na Disposición adicional novena da Lei 53/2002 de 30 de decembro de Medidas Fiscais, Administrativas e da Orde Social, previamente a súa publicación na Plataforma de Contratación do Sector Público en data de 18 de setembro de 2024?
4. Conta o Ministerio de Defensa co informe sectorial da consellaría competente en materia de patrimonio cultural, tal e como se recolle no art. 39.1 e 45.1 da Lei 5/ 2016 de 4 de maio do patrimonio Cultural de Galiza, tendo en conta que a parcela en cuestión se atopa dentro da zona de protección do Cuartel de Dolores, declarado Ben de Interese Cultural?
5. Non considera necesario o Ministerio de Defensa, cando menos, informar ao concello de Ferrol, respecto das posíbeis afeccións urbanísticas que as obras previstas poidan supor para a cidade?



6. Non considera necesario o Ministerio de Defensa que exista un control preventivo, cando menos informativo, respecto das posibles afeccións patrimoniais que as obras previstas poidan supor para bens con alto valor patrimonial como os afectados nesta ocasión?

Madrid, a 17 de decembro de 2024

Néstor Rego Candamil

**Deputado do BNG no Congreso**



## **A LA MESA DEL CONGRESO**

El diputado del **BLOQUE NACIONALISTA GALEGO (BNG)**, Néstor Rego Candamil, adscrito al GRUPO PARLAMENTARIO MIXTO, al amparo de lo establecido en el artículo 185 y siguientes del Reglamento del Congreso, formula las siguientes **preguntas dirigidas al Gobierno para su respuesta escrita relativas a las obras previstas en el Cuartel de Dolores de la ciudad de Ferrol por parte del Ministerio de Defensa.**

El Ministerio de Defensa es propietario en la ciudad de Ferrol del Cuartel de Dolores, en el que tiene su sede el Tercio Norte de Infantería de Marina.

Este cuartel es un edificio declarado Ben de Interés Cultural y constituye una de las obras más singulares de la arquitectura militar del s. XVIII. Asimismo en la parte posterior de este edificio se encuentra la puerta de Fontelonga, la única de las puertas conservadas que se abrían en las murallas que protegían la ciudad de Ferrol en el siglo XVIII y que conducía al muelle hoy desaparecido.

Este acuartelamiento, o más bien sus instalaciones, son colindantes con una parcela municipal, que figura en el inventario municipal del Concello de Ferrol como un bien de dominio público, de uso público y que está calificada como zona verde.

Esta parcela, de referencia catastral 2743007NJ6124S0001TX, se encuentra parcialmente ocupada por las instalaciones del Cuartel de Dolores, mismo fue cerrada al público por el cierre perimetral del propio acuartelamiento, que fue renovado hay un par de años, sin corregir esta ocupación y por lo tanto manteniendo la división y cogiendo parte de la propiedad municipal como si fuese del Ministerio de Defensa.



El Concello de Ferrol ha iniciado un expediente de recuperación de estos terrenos que encontró siempre la negativa del Ministerio de Defensa de devolvérselos a la institución municipal y que abocó al Concello de Ferrol a tener que iniciar una reclamación judicial para su recuperación.

Por si esto no fuera suficiente, el Ministerio de Defensa, inició los trámites para edificar un Módulo para Talleres en el Tercio Norte de Ferrol, en una parcela cualificada en el plan urbanístico de la ciudad como zona verde y sin, al parecer, seguir los trámites legales preceptivos para desarrollar una obra de estas características en la ciudad de Ferrol y sin saber que afecciones van a tener sobre unas edificaciones declaradas como Ben de Interés Cultural por lo que es preciso contar con los permisos oportunos y mantener las cautelas que exige la normativa de conservación cultural cuando menos.

En cualquiera caso, la normativa de aplicación exige dos requisitos para que las actuaciones de obra nueva, reparación, conservación y demolición no requieran la concesión previa de licencia municipal o actividad de control preventivo municipal:

- a) Que las obras se realicen en zonas declaradas de interés para la Defensa del Estado o en las instalaciones militares señaladas en el artículo 8 del RD 689/1978 y,
- b) Que el Ministerio de Defensa declare expresamente que las obras de construcción afectan directamente a la defensa del Estado y que están tipificadas como de interés general.

**Por los motivos expuestos, el BNG formula las siguientes preguntas escritas dirigidas al Gobierno:**

1. ¿Ha comunicado el Ministerio de Defensa al Concello de Ferrol el proyecto constructivo para la ejecución de un taller de automóviles para que emita informe técnico municipal a respeto de los posibles incidentes y afecciones de las obras asociadas al proyecto teniendo en cuenta la obligatoriedad de agotar los mecanismos de cooperación entre



Administraciones Públicas previamente a la declaración de interés general que exima de la obtención de licencia municipal al Ministerio de Defensa, tal y como se recoge en la Disposición adicional novena de la Ley 53/2002 de 30 de diciembre de Medidas Fiscales, Administrativas y de la Orden Social?

2. ¿Ha remitido el Ministerio de Defensa al ayuntamiento de Ferrol el proyecto para la ejecución de un taller de automóviles con el objeto de que este notificara la conformidad o disconformidad del mismo con la ordenación urbanística en vigor, tal y como recoge la Disposición adicional décima del Texto Refundido de la Ley de Suelo y Rehabilitación Urbana, aprobado por el Real Decreto Legislativo 7/2015, de 30 de octubre de aplicación en actos declarados de excepcional interés público por parte de la Administración General del Estado?
3. ¿Han sido calificadas de interés general la obras previstas puesto que es requisito indispensable para no estar sometidas a la obtención de licencia municipal, tal y como se recoge en la Disposición adicional novena de la Ley 53/2002 de 30 de diciembre de Medidas Fiscales, Administrativas y de la Orden Social, previamente su publicación en la Plataforma de Contratación del Sector Público en fecha de 18 de septiembre de 2024?
4. ¿Cuenta el Ministerio de Defensa con el informe sectorial de la consellería competente en materia de patrimonio cultural, tal y como se recoge en el art. 39.1 y 45.1 de la Ley 5/2016 de 4 de mayo del patrimonio Cultural de Galiza, toda vez que la parcela en cuestión se encuentra dentro de la zona de protección del Cuartel de Dolores, declarado Ben de Interés Cultural?



5. ¿No considera necesario el Ministerio de Defensa, cuando menos, informar al ayuntamiento de Ferrol, respecto de las posibles afecciones urbanísticas que las obras previstas puedan suponer para la ciudad?
6. ¿No considera necesario el Ministerio de Defensa que exista un control preventivo, cuando menos informativo, respecto de las posibles afecciones patrimoniales que las obras previstas puedan suponer para bienes con alto valor patrimonial como los afectados en esta ocasión?

Madrid, a 17 de diciembre de 2024

Néstor Rego Candamil

**Diputado del BNG en el Congreso**